

# ORIENTACIÓNS AOS PAIS E NAIS DOS ALUMNOS DO



## I.E.S. POETA DÍAZ CASTRO (DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN)

### A HORA DOS SUSPENSOS



### **Tranquilidade, análise realista e firmeza na aplicación de solucións. Niso consiste, basicamente.**

Entón, por que o primeiro que facemos os pais cando o/a noso/a fillo/a chega cun ou varios suspensos é botar as mans á cabeza, enfadarnos rifarlle e lanzarlle toda un feixe de castigos e ameazas?

Petra María Pérez, catedrática de Teoría da Educación e membro do Instituto de Creatividade e Innovacións Educativas da Universitat de València (UV), opina que un suspenso non é para alarmarse nin desmoralizarse, pola contra, "ás veces pode resultar un acicate, *unha maneira de aprender a superar a frustración* e a pór máis recursos persoais para superar as dificultades". Pérez remarca que o importante nestes casos é non desmoralizar nin humillar con comentarios do tipo "es un vago/a ", "é que es moi torpe" ou "non vales para estudar". "*O importante é non facer crer ao/á neno/a ou ao adolescente que por ese suspenso xa non é bo/a para os estudos*, porque **está demostrado que é máis predictor de éxito académico o autoconceito académico que un teña que non a intelixencia**", alerta a especialista en educación da UV. Por iso a súa receita é "dicirlle que pode, que fallou e suspendeu, pero animalo/a a superarse e apoialo/a para que non se perciba como torpe e que iso configure o seu autoconceito académico".

O primeiro, cando chegan unhas notas con suspensos, é *ter unha visión realista*, analizar as causas. "Quizais é que ten problemas nunha área determinada, ou tivo dificultades con algún contido concreto; pero se suspende practicamente todas as materias, é que falla todo: a planificación, a organización, o tempo dedicado aos deberes, as técnicas de estudo" **E iso non se soluciona con castigos eternos nin con profesores particulares...** Se non se analiza por que pasou iso non deixará de ocorrer; e tamén é importante distinguir se o rapaz tenta simplemente xustificarse ou dáse conta de que non dedicou tempo suficiente ás súas tarefas e por iso suspendeu, porque é necesario, sen rifas, axustar o seu pensamento á realidade.

### **Se un/ha rapaz/a chega con varios suspensos e os pais sorpréndense "é que a familia ten problemas de comunicación e co centro escolar".**

Unha vez analizada as causas dos suspensos entre pais e fillo, os/as expertos/as recomendan ir falar co/a titor/a. "É importante ir xuntos para que non quede a opción de dicir logo que o/a rapaz/a mente", advirte Comellas. Petra M. Pérez advirte que *non se trata de increpar ao/á profesor/a* cun "por que suspendeu ao meu fillo", senón exporlle "como podemos axudalo" e falar de como se sitúa socialmente na clase, de se é un feito puntual a caída de rendemento, a que obedece...

E unha vez feitas todas as análises, trátase de pór remedio. Os/as expertos/as aseguran que non é cuestión de grandes traxedias nin dramas, nin de obrigar ao/á fillo/a a sacrificar todas as vacacións, pero si de establecer con el un plan de traballo "e facerlle ver que o feito de que suspenda implica a toda a familia, esixe un sacrificio para el e para o resto durante as vacacións, e se repite curso iso significa ademais un maior esforzo económico".

Pérez Montenegro comenta que **as medidas a adoptar son distintas se se trata dunha dificultade puntual ou hai moitos suspensos**. "Se fracasou porque hai cousas que non entendeu en clase, pode ser útil a opción de buscar un profesor particular que lle poña a o nivel adecuado; pero se se trata dun fracaso xeneralizado, pódese buscar un psicopedagogo un par de horas á semana para que lle dea técnicas de organización e estudo, pero deben ser os/as pais/nais os que estean cada tarde revisando a axenda, o material, o traballado en clase e na casa" Trátase de intervalos, de controlar o que fan e de establecer as consecuencias se non cumpre, indica. E engade que *non se trata de castigar* sen móbil, sen internet ou sen videoconsola, senón de explicarlles que se non cumpren os seus compromisos non teñen eses privilexios porque a vida é así, se non traballas non cobras, e non é que os pais castiguen, senón que **se el non asume as súas responsabilidades é el quen se autocastiga**.

O importante, explican os/as expertos/as, é firmeza e constancia no seguimento, que os/as fillos/as saiban de antemán as consecuencias se non cumpren coas súas responsabilidades e, se iso ocorre, *evitar o mitin* e simplemente transmitir que é el quen xestiona, quen decidiu, por exemplo, non saír con os amigos porque non estudou o acordado. Nalgúns casos a tarefa, ao principio, pode ser esgotadora, pero resulta imprescindible. **Se o pai despois da rifa inicial polos suspensos segue co seu traballo e a súa vida, sen máis, o rapaz queda abandonado á súa soidade**

Fontes:

La vanguardia (30-05-2012)

## **RESUMINDO...**



### **-Gritar ou insultar**

Os/as rapaces/as xa chegan angustiados e tensionados cando reciben un suspenso. Que os/as pais/nais engadan máis dramatismo á situación non axuda en nada e pode resultar contraproducente. Pódese expresar o descontento de forma seria pero construtiva.

### **-Humillar e reprochar**

Hai estudos que aseguran que o éxito escolar depende máis do autoconcepto académico que da intelixencia. E cualificar ao/á rapaz/a de inútil, vago ou torpe dana o seu autoconcepto e non motiva.

### **-Sermonear e esquecer**

Se non se adoptan medidas, o problema non se resolverá só. Estudiar non é fácil e se só depende da vontade do/a rapaz/a é moi probable que lle tenten máis outras actividades.

### **-Impor grandes castigos**

Os castigos imposibles, que non se poden manter no tempo, non teñen ningunha utilidade e deseducan. O recorte de privilexios debe ir condicionado aos compromisos adquiridos e a dedicación de tempo ao estudo.

### **-Buscar escusas**

Os rapaces que suspenden non teñen necesariamente problemas de aprendizaxe nin desequilibrios internos. E normalmente tampouco é culpa dos profesores. Convén ser realista ao analizar as causas



### **-Manter a calma**

Calquera suspenso é superable, é cuestión de esforzo complementario. Suspende pode ter incluso unha vertente positiva se se aproveita para aprender a afrontar a frustración e a superala con esforzo, sen eludila nin caer na agresividade.

### **-Buscar as causas**

Non é o mesmo un suspenso por unha dificultade concreta ou un bajón pasaxeiro que suspende unha chea de materias por falta de traballo, de organización e esforzo. Preguntar ao fillo os motivos das súas cualificacións.

### **-Ser realista**

Que o fillo suspenda non quere dicir que atravesese unha depresión ou teña problemas de aprendizaxe. Hai que facer unha análise realista, ás veces só é inmadurez.

### **-Falar cos profesores**

Coñecer cal é a actitude e rendemento escolar, co rapaz presente na reunión, para evitar as dúbidas sobre que alguén mente.

### **-Elaborar un plan de actuación**

Pedir ao fillo solucións para cada unha das causas polas que suspende e axudarlle a deseñar un plan para polas en práctica. As accións han de ser claras e realistas. Pode ser interesante deixar constancia por escrito dos compromisos adquiridos e que ocorrerá se non se cumpren.

### **-Axudar**

Aínda que a responsabilidade dos estudos é dos fillos, ás veces fai falta que os pais lles motiven, axúdenlles a organizarse, proporcionenlles técnicas de estudo ou un profesor particular que lles explique.

### **-Supervisar**

Os pais han de controlar que se cumpren as actuacións previstas para superar os suspensos e facer un seguimento diario das tarefas escolares, e retirar privilexios se o rapaz non asume as súas responsabilidades.

*Fontes.*